



**ACTA DEL CONSEJO DE LA MEMORIA DEMOCRÁTICA CELEBRADA EL DÍA TREINTA Y UNO DE ENERO DE DOS MIL DIECIOCHO**

En el Salón Rojo de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a treinta y uno de enero de dos mil dieciocho.

Bajo la Presidencia del Alcalde-Presidente **D. Xulio Ferreiro Baamonde**, y con la asistencia de:

**D. José Manuel Sande García**, Concejál de Cultura como Vicepresidente, **D. Fito Ferreiro Seoane**, Concejál del Grupo Municipal Socialista (PSG-PSOE), **D<sup>a</sup> Avia Veira González**, Concejala del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG-AA), **D. Rubén Alfonso Lobato** y **D<sup>a</sup> Victoria Mejuto Vilas** de la Comisión por la Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, **D<sup>a</sup> Carmen García Rodeja** de la Asociación para la Recuperación da Memoria Histórica, **D. Xosé A. Fraga Vázquez** por el Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses), **D<sup>a</sup> Montserrat Golias Pérez** y **Uxío Breogán Diéguez Cequiel** por la Universidad de A Coruña, **D. Emilio Grandío Seoane** y **D<sup>a</sup> Ana Romero Masiá**.

Se reunió, el Consejo de la Memoria Democrática al objeto de celebrar sesión constitutiva. Da fe del acto la Jefa de Servicio de Cultura **D<sup>a</sup> María Isabel Alonso García**.

Excusan la asistencia **D. José Alfeirán Rodríguez** por el Ateneo

**ACTA DO CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA CELEBRADO O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

No Salón Vermello das Casas Consistoriales da cidade da Coruña, a trinta e un de xaneiro de dous mil dezaquito.

Baixo a Presidencia do Alcalde-Presidente **D. Xulio Ferreiro Baamonde**, e coa asistencia de:

**D. José Manuel Sande García**, Concelleiro de Cultura como Vicepresidente, **D. Fito Ferreiro Seoane**, Concelleiro do Grupo Municipal Socialista (PSG-PSOE), **D<sup>a</sup> Avia Veira González**, Concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG-AA), **D. Rubén Alfonso Lobato** e **D<sup>a</sup> Victoria Mejuto Vilas** da Comisión pola recuperación da Memoria Histórica da Coruña, **D<sup>a</sup> Carmen García Rodeja** da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, **D. Xosé A. Fraga Vázquez** polo Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses), **D<sup>a</sup> Montserrat Golias Pérez** e **Uxío Breogán Diéguez Cequiel** pola Universidade da Coruña, **D. Emilio Grandío Seoane** e **D<sup>a</sup> Ana Romeu Masiá**.

Reuniuse, o Consello da Memoria Democrática con obxecto de celebrar sesión constitutiva. Dá fe do acto a Xefa de Servizo de Cultura **D<sup>a</sup> María Isabel Alonso García**.

Excusan a asistencia **D. José Alfeirán Rodríguez** polo Ateneo



Republicano y D. Xesús Alonso Montero por la Real Academia Gallega.

Siendo las cinco horas y siete minutos por la Presidencia se declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el

### ORDEN DEL DÍA

#### CONSEJO DE LA MEMORIA DEMOCRÁTICA

##### **ASUNTO 1**

**Constitución del Consejo de la Memoria Democrática.**

Tras una breve exposición del Alcalde cuyo texto se adjunta al Acta, se constituye el Consejo de la Memoria Democrática.

##### **ASUNTO 2**

**Encargo formal informe Cornide**

Como se indica en la presentación del Alcalde, se encomienda al Consejo analizar la situación de la histórica Casa Cornide, en poder de la familia Franco.

En este punto, por los componentes del Consejo se hace una breve presentación de cada uno, empezando por D. Uxío Breogán Diéguez Cequiel en representación de la Universidad de A Coruña, junto con Montserrat Golias Pérez, quienes manifiestan su disposición a colaborar en las investigaciones, diagnosis y análisis de la situación de la Casa Cornide.

A continuación por Rubén Alfonso

*Republicano e D. Xesús Alonso Montero pola Real Academia Galega.*

*Sendo as cinco horas e sete minutos pola Presidencia declárase aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes asuntos incluídos na*

### ORDE DO DÍA

#### CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA

##### **ASUNTO 1**

*Constitución do Consello da Memoria Democrática.*

*Tras unha breve exposición do Alcalde cuxo texto achégase ao Acta, constitúese o Consello da Memoria Democrática.*

##### **ASUNTO 2**

*Encargo formal informe Cornide*

*Como se indica na presentación do Alcalde, encoméndase ao Consello analizar a situación da histórica Casa Cornide, en poder da familia Franco.*

*Neste punto, polos compoñentes do Consello faise unha breve presentación de cada un, empezando por D. Uxío Breogán Diéguez Cequiel en representación da Universidade da Coruña, xunto con Montserrat Golias Pérez, quen manifiestan a súa disposición a colaborar nas investigacións, diagnose e análise da situación da Casa Cornide.*

*A continuación por Rubén Alfonso*



Lobato de la Comisión por la Recuperación de la Memoria Histórica de A Coruña, se felicita por lo expuesto y por la puesta en marcha del estudio sobre la Memoria y Casa Cornide, manifestando que hay que recuperarla, como el Pazo de Meirás, y proceder a eliminar todo vestigio del franquismo.

Victoria Mejuto Vilas también de Comisión por la Recuperación de la Memoria Histórica de A Coruña declara encontrarse motivada con el tema de la Memoria.

Carmen García Rodeja de la Asociación para la Recuperación Memoria Histórica, además de hacer una mención a la placa de la Casa de Barrié, sita en María Pita, a los refugiados y Oficina de las Víctimas, manifiesta su orgullo por poder hablar y tomar decisiones sobre esta materia.

Emilio Grandío Seoane y Ana Romero Masiá se muestran encantados de ofrecer su aportación.

Xosé A. Fraga Vázquez del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses muestra su satisfacción por el nacimiento de la Comisión, y su pluralidad, mencionando a las víctimas, no solo de las cunetas, sino a las profesionales y económicas. Y desea que sirva para la búsqueda de fórmulas para recuperar la Casa Cornide.

Avia Veira Concejala por el Grupo Municipal del BNG-AA, manifiesta su orgullo por la constitución del Consejo y se felicita de la paridad de este. Espera que se hagan los estudios necesarios, jurídicos sobre

*Lobato da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, felicítase polo exposto e pola posta en marcha do estudo sobre a Memoria e Casa Cornide, manifestando que hai que recuperala, como o Pazo de Meirás, e proceder a eliminar todo vestixio do franquismo.*

*Vitoria Mejuto Vilas tamén de Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña declara atoparse motivada co tema da Memoria.*

*Carmen García Rodeja da Asociación para a Recuperación Memoria Histórica, ademais de facer unha mención á placa da Casa de Barrié, sita en María Pita, aos refuxiados e Oficina das Víctimas, manifesta o seu orgullo por poder falar e tomar decisións sobre esta materia.*

*Emilio Grandío Seoane e Ana Romeu Masiá móstranse encantados de ofrecer a súa achega.*

*Xosé A. Fraga Vázquez do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses mostra a súa satisfacción polo nacemento da Comisión, e a súa pluralidade, mencionando ás vítimas, non só das cunetas, senón ás profesionais e económicas. E desexa que sirva para a procura de fórmulas para recuperar a Casa Cornide.*

*Avia Veira Concelleira polo Grupo Municipal do BNG-AA, manifesta o seu orgullo pola constitución do Consello e felicítase da paridade de este. Espera que se fagan os estudos necesarios, xurídicos sobre a Casa*



la Casa Cornide y propone avanzar en compromisos de cara al futuro.

Fito Ferreiro del Grupo Municipal del Partido Socialista, PSG-PSOE declara su alegría por la puesta en marcha del Consejo.

El Alcalde propone la creación de un Grupo de trabajo para impulsar la iniciativa sobre la casa Cornide.

José Manuel Sande, Concejal de Cultura manifiesta que el Consejo nace para fortalecer las políticas públicas de la Memoria, señalando que es importante en los Grupos de trabajo que se creen, la parte jurídica, para abordar la recuperación de la Casa Cornide. A este trabajo, se unirán otras iniciativas como la Oficina de las Víctimas.

Por último y después de participar las ausencias de los miembros del Consejo que no asistieron, el Alcalde propone designar un Grupo de trabajo, que quedará constituido por un representante de la Universidad, uno del Instituto José Cornide, Emilio Grandío, por Rubén Alfonso Lobato de la Comisión por la Recuperación de la Memoria Histórica da Coruña, junto con el Presidente y/o Vicepresidente en su caso.

Carmen García Rodeja se ofrece para la Oficina de Atención a las Víctimas.

No habiendo más asuntos que tratar se levanta la sesión siendo las diecisiete horas y treinta y ocho minutos de la que yo como Secretaria doy fe.

*Cornide e propón avanzar en compromisos de cara ao futuro.*

*Fito Ferreiro do Grupo Municipal do Partido Socialista, PSG-PSOE declara a súa alegría pola posta en marcha do Consello.*

*O Alcalde propón a creación dun Grupo de traballo para impulsar a iniciativa sobre a casa Cornide.*

*José Manuel Sande, Concelleiro de Cultura manifesta que o Consello nace para fortalecer as políticas públicas da Memoria, sinalando que é importante nos Grupos de traballo que se creen, a parte xurídica, para abordar a recuperación da Casa Cornide. A este traballo, uniranse outras iniciativas como a Oficina das Víctimas.*

*Para rematar e logo de participar as ausencias dos membros do Consello que non asistiron, o Alcalde propón designar un Grupo de traballo, que quedará constituído por un representante da Universidade, un do Instituto José Cornide, Emilio Grandío, por Rubén Alfonso Lobato da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, xunto co Presidente e/ou Vicepresidente no seu caso.*

*Carmen García Rodeja ofrécese para a Oficina de Atención ás Víctimas.*

*Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as dezasete horas e trinta e oito minutos da que eu como Secretaria dou fe.*



## CONSTITUCION CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA

Boa tarde a todos e a todas,

É para min unha honra presidir, esta tarde, a constitución do **Consello Municipal da Memoria Democrática**, un órgano consultivo que ten o difícilísimo encargo de traballar para garantir **o futuro dun pobo**, así como velar polo **mantemento de tres principios tan fundamentais** para evolución dunha sociedade como son a **Xustiza, a Verdade e Reparación**. Boa noite a todas,

A posta en marcha dunente coma este, conformado por expertos e expertas historiadoras e por representantes das principais asociacións memorísticas da cidade, así como os partidos con representación na Corporación municipal, só pode ser entendido **coma un acto de esperanza e de superación**. A veciñanza da nosa cidade é como é en base á **historia vivida e á memoria recordada**. Só dando resposta a preguntas que non se pecharon, só facendo xustiza, poderemos seguir camiñando cara adiante. **A Memoria e as súas reivindicacións non poden quedar ancoradas nunha soa xeración**. Por iso, insisto, en que o que facemos aquí, esta tarde, **é garantir futuro**.

Dende que este goberno chegou aquí, a este Pazo de María Pita, fixouse como meta facer que esta cidade abandonase para sempre a cartografía do esquecemento. Coa vosa axuda, fomos capaces de **sacar do rueiro aos asasinos e poñer, no seu canto, a persoeiros que si merecían a honra, como Antón Vilar Ponte ou Álvaro**



**Cebreiro.** Coa vosa axuda, **recuperamos denominacións históricas, borradas pola barbarie**, como a rúa do **Socorro**, e sacamos do Pazo de María Pita, a casa de todos e de todas, **os retratos** de quen chegou a ser alcalde a través do medo e non das urnas, así como **as vidreiras de tempos marcados por demasiados cristais rotos**, que serán reempazadas en breve.

A nosa cidade, por máis que haxa quen o negue, **si viviu e sufriu a barbarie**. A nosa cidade si chorou **no Cárcere Provincial**, símbolo de represión que agora, a piques de ser aberto á cidadanía, **cobrará para sempre un novo significado**. A nosa cidade si chorou no **Campo da Rata**, onde foron asasinadas tantas persoas que defenderon a palabra fronte á violencia, como o ex alcalde Suárez Ferrín. A nosa cidade si chorou **no Portiño**, onde foron descubertos sindicalistas e políticos que trataban de fuxir cara a zona republicana. A nosa cidade si chorou en Oza, de onde partiu o **Batallón Galicia** para nunca poder regresar...

Por todo isto, non podíamos quedarnos só co feito, tiñamos que seguir adiante e por en marcha, como hoxe facemos, **este órgano de erudición e de investigación que, ademais de conformarse, recibe a súa primeira encomenda oficial**, que é a de analizar, dende o rigor histórico e a necesidade de dar cumprimento ás leis memorísticas, a situación que derivou en que a histórica **Casa Cornide estea hoxe en mans da familia do ditador Francisco Franco**. Os e as integrantes da comisión analizarán se cabe, por parte do Concello, unha eventual reclamación para que pase a formar parte do patrimonio público. É paradóxico, cando menos, **que a que foi casa do prolífico historiador**



e humanista sexa hoxe parte da herdanza familiar, xunto co Pazo de Meirás, dun ditador que loitou contra o progreso e cerceou o avance e as liberdades culturais e de pensamento. Con esta primeira encomenda oficial, ademais, **damos cumprimento a unha moción** aprobada no Pleno municipal da Coruña.

O camiño que queda por percorrer nesta cidade para apuntalar a nosa memoria, desterrar o esquecemento e lograr a xustiza e a reparación necesarias é longo, máis sei que o andaremos máis lixeiros cun órgano coma este que hoxe conformamos. Un Consello da Memoria Democrática que ademais, en breve, verase complementado por unha **Oficina Municipal de Atención ás Víctimas da Represión Franquista**, que se desenvolverá apoiado sobre a cátedra de investigación sobre memoria que o Concello puxo en marcha coa Universidade da Coruña.

Hoxe, como día de futuro e de esperanza, quero acabar a miña intervención homenaxeando a todos e todas aquelas que traballan pola xustiza, aquelas que loitan, como escribiu Rafael Bárez nos seus poemas do 10 de marzo por **“un futuro sen reixas, sen cadeas, sen portas, sen ferrollos, sen muros e sen verxas”**.